

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

“A PREVENCIÓN DAS TECNOADICCIÓNS NAS NOSAS CRIANZAS”

Xornadas de sensibilización para familias ao redor de usos de dispositivos dixitais e pantallas no contexto familiar

Nestas Xornadas expertos e expertas na temática das tecnoadiccións, abordarán esta problemática dende olladas complementarias e de utilidade para as familias, de cara a educación dos fillos e fillas no uso de dispositivos dixitais.

CÓMO PROMOVER UN USO SEGURO E SAUDABLE DAS PANTALLAS NA INFANCIA E NA ADOLESCENCIA

Mércores 20 de novembro

ANTONIO RIAL BOUBETA (USC)

Doutor en Psicoloxía e Profesor Titular da área de Metodoloxía das Ciencias do Comportamento da USC. Responsable de numerosos proxectos de investigación do eido da mocidade e as adicións, dende o Uso problemático de Internet e as redes sociais, ao consumo de alcohol e sustancias.

A través desta intervención poderemos achegarnos aos impactos que ten un uso excesivo e inapropiado das pantallas e detectaremos cales poden ser as estratexias para axudar ás familias a desenvolver un uso saudable e responsable das pantallas por parte das nosas crianzas.


MENORES E TECNOLOXÍAS: O GRAN RETO DAS FAMILIAS

Mércores 15 de xaneiro:

ANABEL MOSQUERA GONZÁLEZ (GESTION PLUS. Formación e recursos humanos)

Pedagoga experta en prevención de condutas de risco con menores e as súas familias, é formadora no ámbito sociosanitario e educativo durante máis de 20 anos, cunha ampla experiencia no desenvolvemento de programas de prevención e traballo educativo con menores e as familias.

A través desta xornada poderemos achegarnos dende a experiencia práctica da relatora, aos riscos que supón unha exposición excesiva ou pouco segura ás pantallas e as dificultades coas que nos atopamos a veces as familias na tarefa educativa, para poder establecer pautas e orientacións para un uso responsable e saudable das tecnoloxías.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

**A IMPLANTACIÓN DOS OBRADOIROS DE PREVENCIÓN DA ADICCIÓN ÁS PANTALLAS
NOS CENTROS EDUCATIVOS DE SANTIAGO. PAUTAS PARA O TRABALLO PREVENTIVO
DAS FAMILIAS**

Mércores 22 de xaneiro:

RAMÓN MOLINA GÓMEZ (ARELAR XESTION SOCIOEDUCATIVA)

Educador social, encargado de impulsar e coordinar os obradoiros de prevención das adiccións ás pantallas que o Concello de Santiago impulsa en centros educativos de educación primaria e secundaria da cidade e no que neste curso están a participar máis de 1500 alumnos e alumnas.

A través desta intervención darase a coñecer o traballo educativo que se está a facer nos diferentes centros educativos da cidade, informando sobre os contidos traballados e conclusións do traballo desenvolvido. Ademais conectarase o traballo educativo co alumnado, coas pautas educativas que pode realizar a familia para que a labor preventiva na escola e nas familias camiñe nunha mesma senda.

Datas: mércores 20 de novembro, mércores 15 de xaneiro e mércores, 22 de xaneiro

Hora: 18:30 h.

Lugar de celebración: Casa das Asociacións de Cornes (Rúa de Manuel Beiras, N°3)

Actividade de Balde e aberta, ata completar a capacidade da Sala.

Máis información: dptoxuventude@santiagodecompostela